



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA A REALIZACIÓN DE ARRANXOS NO CAMPO DE FÚTBOL.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

REUNIDOS

Dona _____, Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Dona _____, alcaldesa do Concello de Viveiro, ao abeiro do disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio así como para exercer as súas competencias en materia de deporte baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

- I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.
- II.- O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.
- III.- O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte a elaboración, proposta e



execución da política do Goberno galego en materia de deportes e, en particular, a promoción e execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais.

- IV.-** A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón no artigo 25.2.l) que os concellos exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias as de promoción do deporte e instalacións deportivas.

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os concellos exercerán entre outras competencias as relativas a actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n) e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

- V.-** O fomento do deporte base e da actividade física son unhas das liñas de actuación prioritarias da Secretaría Xeral para o Deporte as cales reclaman unha mellor dotación das infraestruturas de libre acceso e mantemento alcanzable para poder chegar a todos os usuarios.

- VI.-** O Concello de Viveiro dispón dun campo de fútbol que é unha instalación municipal referente en canto a volume de utilización por parte dos veciños do concello.

O proxecto a acometer son os arranxos do campo de fútbol en beneficio dos usuarios do mesmo.

A tal fin o arquitecto municipal elaborou un proxecto coa memoria valorada para a realización de arranxos no campo de fútbol cun orzamento de 40.000,00 euros.

A Secretaría Xeral para o Deporte participa neste proxecto co obxectivo de potenciar o deporte base sendo consciente da importancia da súa colaboración económica cos concellos para afrontar obras que beneficien ao conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva.

Destas circunstancias derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Por todo o anterior, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o



Deporte, e o Concello de Viveiro, deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Viveiro para a os arranxos no campo de fútbol segundo o proxecto coa memoria valorada elaborado polo arquitecto municipal

SEGUNDA: INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €), IVE incluído.

➤ A Secretaría Xeral para o Deporte, achegará a cantidade que se indica con cargo a aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 código de proxecto 2013 00039 dos seu orzamento de gasto para o exercicio 2018 .

Anualidade 2018.....40.000,00 €

TERCEIRA: COMPROMISOS DAS PARTES

3.1.- Obrigas do Concello de Viveiro

1.- As obras serán realizadas polo contratista que sexa seleccionado polo Concello, dando conta á Secretaría Xeral para o Deporte da elección, así como de calquera modificación do proxecto, prórrogas de prazos establecidos na adxudicación ou alteracións de calquera outros elementos básicos que configuren as actuacións.

En tódolos casos de contratación con terceiros, o Concello actuará con suxeición, tanto na tramitación do procedemento de contratación, como na execución do contrato administrativo, ao establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público, atendendo tamén ao preceptuado no artigo 12 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2.- De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno o Concello actuará con suxeición a esta no que se



refire a obriga de subministrar a información que se lle requira so pena de aplicación da multa correspondente no caso de incumprimento.

3.- Son obrigas do beneficiario as sinaladas nos artigos 14 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 11 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sinaladamente as seguintes:

a) O Concello de Viveiro quedará obrigado a asumir ao seu cargo os aumentos que se produzan, no caso de que o custo das obras ou equipamentos resulte superior á valoración prevista no orzamento, ou ben se deriven de revisión dos prezos adicionais, prórrogas e outros supostos.

b) Redactar e remitir o proxecto ou documento técnico e as súas especificacións, que deberán contar coa autorización e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte antes da firma do presente convenio.

c) As licenzas, autorizacións administrativas, contratación de servizos e subministracións, así como os impostos e taxas de aplicación aos pagos dos conceptos incluídos e previstos na execución do proxecto, serán por conta do Concello.

d) O Concello, quedará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Deberá destinar os bens adquiridos ou sobre os que se realicen as obras ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención por período non inferior a cinco anos, ao tratarse de bens inscribibles nun rexistro público.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior será causa de reintegro nos termos establecidos ao efecto no artigo 37 da Lei 38/2007, do 7 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido nos termos legalmente previstos.

No caso de que o beneficiario incumprise o establecido neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte, poderá revogar a subvención concedida logo da audiencia do interesado.

Así mesmo e de acordo co establecido nos artigos 33 da Lei 9/2007 e 74 do Decreto 11/2009 o Concello deberá cumprir todos os compromisos establecidos no presente convenio, e en particular o disposto neste apartado 3.1 en canto á realización, pagamento e xustificación das obras previstas de acordo co establecido no proxecto coas modificacións que, se fora o caso, foran aprobadas



pola Secretaría Xeral para o Deporte. A execución de obras por importes ou unidades inferiores das recollidas no proxecto ou de obras non recollidas na documentación técnica aprobada pola secretaría xeral así como as deficiencias nas xustificacións documentais das mesmas darán lugar ao reintegro da parte proporcional do custe do incumprimento.

Será responsabilidade do concello a elaboración da documentación necesaria para dar cumprimento á normativa de seguridade e saúde, especialmente ao establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE núm. 269 do 10.11.1995) e no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE núm. 256 do 25.10.1997). Prestarase especial atención no caso de que a actuación comprenda algún dos traballos que implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores, recollidos no anexo II do Real Decreto 1627/1997.

Así mesmo, é responsabilidade do concello a designación do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, no caso de que sexa necesario de acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997.

3.2.- Obrigas da Secretaría Xeral para o Deporte

A Secretaría Xeral para o Deporte obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula segunda por importe de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039).

CUARTA: BAIXAS DE ADXUDICACIÓN E INCIDENCIAS NA EXECUCIÓN

As achegas económicas da Secretaría Xeral para o Deporte verase diminuída en igual proporción que a que resulte de imputar as baixas que se obteñan nas respectivas adxudicacións. As baixas aplicaranse dende o primeiro momento, axustando a cantidade resultante a subvencionar.

Así mesmo a citada achega non experimentará incremento no caso de producirse incidencias ou aprobarse modificacións durante a execución da obra que supoñan aumento do seu custo.

QUINTA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011, o Concello estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011 e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do



órgano de teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

Os pagos faranse mensualmente previa presentación da correspondente certificación de obra realizada ese mes e a xustificación de ter sido abonada polo Concello. A Secretaría Xeral para o Deporte fará a súa achega nas certificacións iniciais, ata acadar, de acordo co artigo 62 do Decreto 11/2009, o 80% do importe total da axuda. O 20% restante da axuda achegarase coa certificación final de obra.

En todo caso o Concello está obrigado a presentar mensualmente a certificación de obra correspondente e a documentación xustificativa da mesma durante a duración do convenio.

O prazo para presentar a xustificación deste último pago será antes do 20 de decembro de 2018.

En todo caso os pagos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo concello.

SEXTA: CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar o concello, sempre que a suma de todas elas non supere o investimento total real.

Antes do primeiro pagamento, o concello achegará unha declaración do conxunto de tódalas solicitudes de subvención efectuadas, ou concedidas, para as obras obxecto deste convenio, diante das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o Concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes da resolución, para este proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

SÉTIMA: PUBLICIDADE DAS OBRAS E/OU INSTALACIÓN DO EQUIPAMENTO



No exterior da instalación ou do recinto, o Concello fixará un cartel informativo da natureza das obras obxecto de execución, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.

O tratamento tipográfico identificador de ambas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

OITAVA: REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

NOVENA: COMPROBACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS E/OU EQUIPAMENTO

A Secretaría Xeral para o Deporte, poderá efectuar cantas comprobacións estime oportunas, con carácter previo á realización da proposta de calquera dos pagamentos parciais ou do final, incluíndo a comprobación da execución material do investimento que poderá realizar a través dun funcionario da Secretaría Xeral para o Deporte ou da persoa que designe.

A recepción das obras farase polo Concello de Viveiro, quen dará conta dela á Secretaría Xeral para o Deporte.

DÉCIMA: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

A xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere. A asunción de tal responsabilidade producirase desde o día seguinte ao de realización da acta de recepción das obras, logo da oportuna comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á sociedade adxudicataria lle corresponda na policía e conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante.



O concello garante o uso gratuíto da instalación cando se precise para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Así mesmo, comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. No caso de conflito ou discrepancia, a administración contratante da instalación, por solicitude dalgunha das partes, poderá actuar como árbitro.

No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

UNDÉCIMA: VIXENCIA E DENUNCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2018, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décimo terceira, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.- O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.



DUODÉCIMA: Modificación do convenio

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1.-Por acordo unánime dos asinantes.
- 2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO TERCEIRA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Na comisión de seguimento e control informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a Secretaría Xeral para o Deporte non asumirá compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidas na cláusula segunda.

En calquera caso, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas polo secretario xeral para o Deporte.

DÉCIMO CUARTA: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa que sexa de aplicación.


Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asínase este convenio de cooperación.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid 2-4 (Fontiñas) – 2ª andar
15781 Santiago de Compostela
Web: deporte.xunta.es



A secretaria xeral para o Deporte

A alcaldesa do Concello de
Viveiro